

NOVIEMBRE 2022



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

LUGÍN

ASOCIACIÓN DA PRENSA
DA CORUÑA



Desde a Terraza do xornalismo coruñés

O histórico Premio Alejandro Pérez Lugín está dedicado este ano ao edificio da Terraza, que cumpre 100 anos neste 2022, debido á súa particular vinculación co xornalismo, como sede da delegación coruñesa da Televisión Española e do Centro Territorial de Radio Nacional.



NOVIEMBRE 2022

LUGÍN

ASOCIACIÓN DA PRENSA
DA CORUÑA

04

Reportaxe

Con motivo do centenario da Terraza, repasamos a historia deste emblemático edificio que hoxe alberga a cabeceira territorial de RNE

07

Opinión

Os arquitectos Adolfo Agra e Victoria de León analizan a configuración do palacete e a súa integración no conxunto da fachada marítima

14

Reportaxe

O periodista Manuel Rodríguez escribe sobre os oito persoeiros vinculados á literatura e o periodismo que coroan o palacete

11

Entrevista

Ramón Valles, director do Centro Territorial de Radio Televisión Española en Galicia, valora a andaina do ente neste singular edificio



Edita:
Asociación de la Prensa de La Coruña. Durán Loriga, 10 - 4º.
15003 A CORUÑA.

Presidenta:
Doda Vázquez Iglesias
Vicepresidenta:
Amalia Baltar Estévez
Tesorera:
Gemma Castiñeira Sobrido
Secretaria:
Luisa López Gutiérrez.
Vocales:
Mónica Barros Grela, Noela Rey Méndez, Miguel Gómez-Longo, José Manuel Fernández Mayo y Miguel Pampín Coloma

Cen anos da Terraza: de salón de baile a casa da radio

04-06

A Terraza no taboleiro

07

Los extranjeros, artículo ganador do ano pasado

08-09

A APC dedica o Pérez Lugín á Terraza e ao seu vínculo co xornalismo coruñés

10

Ramón Valles: “Debemos poñer en valor A Terraza”

11-13

Os miróns da Terraza

14-15

CEN ANOS TERRAZA: SALON DE A CASA DA

DA DE BAILE RADIO

Símbolo arquitectónico, memoria sentimental e testemuña privilexiada, o edificio da Terraza, situado nos xardíns de Méndez Núñez, fixo este verán cen anos. Cen anos nos que foi salón de baile, cine, sede da Metro Goldwyn Mayer, do Deportivo, e, desde os anos 80, da cabeceira territorial de RNE e da delegación de Televisión Española na Coruña. Con motivo do centenario deste emblemático edificio, Ramón Valles, director territorial de RTVE en Galicia, debuxaba este retrato na canle pública

Ramón Valles

Esta son eu, acabada de nacer, a cabalo entre o Modernismo e o Eclecticismo. Así me pariron meus pais, os arquitectos Antonio de Mesa y Álvarez e Pedro Mariño. Ao meu carón, o Kiosco Alfonso e o Hotel Atlántico, os tres xuntos conformabamos un elegante paseo ao estilo da Belle Époque.

Era 1922, o ano do ascenso ao poder de Stalin e de Mussolini, no que Pío XI era elixido Papa, mentres España vivía os últimos anos baixo o reinado de Afonso XIII. Un período de prosperidade económica, os felices anos 20. E nese contexto, os meus primeiros propietarios pensaron en min coma punto de encontro daquela alegre sociedade coruñesa da época.

Así o lembra Pedro Feal, descendente dos primeiros propietarios da Terraza: "Era o edificio máis suntuoso e máis grande dos que había nesta zona, que xa entón era unha zona recreativa. E foi un polo de atracción para a sociedade coruñesa. Facíanse banquetes, reunións, había cine... Non era raro que se ofrecera música en vivo, especialmente no verán, e contratábanse grupos orquestrais e reputados instrumentistas"

Naqueles anos de fulgor, tamén alberguei as oficinas da Metro Goldwyn Mayer e ata a sede do Deportivo da Coruña.

Declive

Entón estoupou a Guerra Civil e con ela comezou o meu declive. Sufrín bombardeos e nos primeiros anos da posguerra pechou o cine.

Xa nada era alegre, decaían como lugar de diversión, os problemas económicos ameazaban os meus propietarios e pasei a mans da *Falange*, que situou aquí a súa organización xuvenil. Transcorreron as décadas e entrados os anos 60 o meu deterioro era evidente.

Por aquel entón, xa emitían desde aquí, case entre cascallos, os traballadores de Radio Juventud, despois Radio Cadena Española, como lembra o noso histórico ex compañeiro de Radio Nacional de España Antón Luaces: "O edificio era lamentable, había pintadas, daba unha sensación un tanto *underground*. Entrabas e era impresionante, a min dábase vergoña. Pero non só aguantamos, senón que os propios compañeiros ar-

Inauguración de RTVE nos anos 80


No ano 1985, inaugurouse a nova sede de Radio Televisión Española na Terraza, cun acto ao que asistiron o entón alcalde da Coruña, Francisco Vázquez, o ex presidente da Xunta Gerardo Fernández Albor, e o que era director nesa altura de RTVE, José María Calviño. Pero a vinculación da Terraza co periodismo xa viña de lonxe: tras a Guerra Civil acolleu as instalacións de Radio Juventud, despois Radio Cadena Española.

A inauguración, segundo recolle unha reportaxe publicada no diario El País, abriu a Semana da Radio en Galicia, cunha serie de actos que comprenderon desde a apertura dunha nova emisora -Radio Catro- ata a edición dun disco e a realización de varios programas da cadea estatal desde a comunidade.

Desa época datan os bustos que ollan a cidade desde os extremos laterais do edificio e que representan a figuras relacionadas coa literatura e o periodismo: Emilia Pardo Bazán, Vilar Ponte, Salvador de Madañaga, Juan Fernández-Latorre, Wenceslao Fernández Flórez, Manuel Murguía, Pérez Lugín e Julio Camba.

No ano 2002, o gabinete arquitectónico de RTVE fixo unha intervención no edificio co fin de corrixir o deterioro existente na fachada e asegurando os elementos externos que se atopaban en risco de caer.

Na actualidade, o edificio da Terraza acolle a cabeceira territorial de Radio Nacional de España e a delegación na Coruña da televisión pública. En xullo de 2022, con motivo do centenario da emblemática construción, TVE realizou o seu Telexornal no edificio situado nos xardíns de Méndez Núñez.



mámonos con material e pintamos por dentro os estudos”.

Rehabilitación

A principios dos oitenta rematou a concesión inicial e volvíñ ser propiedade do Concello. Á fronte estaba o histórico alcalde Francisco Vázquez, que contactou con Alfonso Guerra e con José María Calviño, daquela director de RTVE.

O edificio foi rehabilitado e Vázquez lembra que o cedeu a RTVE poñendo dúas condicións: “Manter na Coruña a cabeceira de RNE en Galicia, que corría risco de ser trasladada a Santiago, e instalar na Terraza unha delegación de TVE”.

Así foi como recuperei o meu vello esplendor, converténdome na casa da Radio e a Televisión públicas.

Neste momento A Terraza postúlase como sede para Aesia

Mirando ao futuro

A Terraza ten, sen dúbida, pasado, pero tamén ten futuro. No mes de outubro, o Concello da Coruña fixo público o seu ofrecemento para que o palacete sexa sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (Aesia), no caso de que A Coruña sexa, finalmente, a cidade eleixida para acoller este organismo.

Segundo publicaba La Voz de Galicia, esta proposta responde a unha serie de criterios, como ser un edificio singular, atoparse nunha ubicación destacada e con boas comunicacións, ademais das instalacións necesarias. A Terraza xa protagonizou outras alternativas que non se chegaron a concretar, como albergar un museo do cómic ou converterse na sede do Centro Galego de Artes da Imaxe.

A Terraza de Sada foi a primeira terraza que houbo na cidade

No ano 1920 o edificio orixinal, coas súas coloridas fiestras, foi trasladado peza a peza desde A Coruña á localidade veciña, tras a negativa do Concello a permitir a súa ampliación aos entón donos do negocio, os irmáns Manuel e Ramiro Feal

A Terraza de Sada

A Terraza de Sada, construída en madeira e deseñada polo Arquitecto Antonio López, foi, en realidade, a primeira terraza que se levantou na Coruña, no ano 1912. Coas súas coloridas fiestras, foi un referente do modernismo en Galicia e, segundo lembra o seu actual propietario, Antonio Fariña, nunha entrevista na Televisión Española, tamén un polo de atracción da vida social da época: “Foi un boom abrir isto aquí en Sada. Foi xusto despois da chegada do tranvía e converteuse en referencia: a xente da Coruña viña casar a Sada, e viñan aos bailes e aos distintos eventos que se celebraban cada fin de semana”.

No ano 1920 o edificio orixinal foi trasladado peza a peza desde A Coruña á veciña Sada, tras a negativa do concello da Coruña a permitir a súa ampliación aos donos do negocio, os irmáns Manuel e Ramiro Feal, tal e como lembra Pedro Feal nunha reportaxe publicada en La Voz de Galicia: “En 1919, tras ter absorbido o espazo dun quiosco lindante, os irmáns Feal, responsables da Terraza, solicitaron unha nova ampliación. O proxecto do arquitecto Antonio de Mesa presentado a tal fin contemplaba o mantemento do edificio en madeira de 1913 como corpo central pero o deixaba abotoado entre dúas robustas estruturas de formigón de estilo ecléctico situados a ambos lados. O Concello, con data de 21 de xaneiro de

1920, rexeitou este proxecto, instando no seu lugar á realización dun edificio novo construído en cemento. É probable que nesa decisión pesara máis o incendio do pavillón Lino (ocorrido no ano 1919 e tamén situado no recheo), que a mestura de estilos resultante. Viase con bos ollos substituír o edificio orixinal por outro máis amplo e sólido, o que acabaría sendo a actual Terraza da Coruña, hoxe sede de RTVE”.

Foi nese momento cando pasou a mans da familia Fariña: “O edificio comprouno o meu tío avó na Coruña cando se desmontou e tróuxoo para Sada. Non está claro se veu en barco ou carros de bois, pero si veu desmontado. Pódense ver as columnas como teñen os seus parafusos e se montou aquí con algunha parte distinta á da Coruña, as cocinas, por exemplo, houbo algunhas modificacións arquitectónicas, as entradas laterais...”, explica Antonio Fariña.

Naqueles anos da Belle Epoque, rememora Fariña, os bailes da Terraza eran punto de encontro e pasarela de moda: “Sada era unha cidade de emigrantes que marcharan a Nova York e Nova Jersey e enviaban roupa en baúis: a xente que viña de Madrid e viña ao baile atopaba estilos de vestimenta que non os había na capital. As mulleres arraxaban as mellores prendas para vir ao baile.”



A terraza no taboleiro

María Victoria de León e Adolfo Agra, arquitectos

Cando nos séculos XVI e XVII se constrúen as primeiras edificacións portuarias na baía da cidade, os muros e pantaláns comezan a reforzar e consolidar o bordo costeiro. Esta configuración fai que queden xa marcadas as bases sobre as que se ordearía posteriormente a ocupación da cidade, nesa franxa estreita entre a Dársena do Orzán e a enseada da Coruña.

Cúmprese agora 100 anos da construción do edificio coñecido como A Terraza, que forma parte do conxunto de pavillóns que dan fronte, xunto co Quiosco Alfonso e o Hotel Atlántico, á fachada marítima da cidade. Á marxe do atractivo do seu propio desenvolvemento, cabería preguntarse onde reside o verdadeiro interese desta obra e os motivos que poden facer que se incorpore ao catálogo de edificios protexidos da Coruña. E é que, partindo doutro punto de vista, a análise tamén podería abordarse desde a súa posición dentro dun sistema de ordeación urbana, máis que nos propios valores arquitectónicos da peza en si. A Terraza sería entón unha peza indisoluble deste conxunto de usos, tempos e construcións que explican algo máis. Explican a historia da cidade e a nosa propia experiencia como seus habitantes.

A forma respondería a unha secuencia de bandas paralelas a esa primeira liña de costa edificada. Unha serie de usos estratificados na súa proximidade ao bordo costeiro, que van adquirindo os edificios e espazos públicos, en función das condicións que esta distancia vai ofrecendo ao longo do tempo.

Así temos en primeira liña, a franxa industrial e produtiva do porto. Despois, a primeira barreira de equipamentos institucionais, que dispoñen as súas entradas de espaldas á zona industrial e miran cara a seguinte banda que son os xardíns de ocio burgués, os de Méndez Núñez. A continuación, as galerías domésticas e equipamentos xerais, teatros e cines. E, finalmente, a dársena do Orzán coas fileiras do barrio da Pescadería interpostas, como barreira entre as dúas beiras do istmo, tan diferentes.

Memoria colectiva da Coruña

Todo está referido dunha maneira insistente, á posición que cada elemento ocupa neste taboleiro de xogo. A distancia á costa ofrecería diferentes posibilidades de vistas e sol e exposición a ventos e tormentas. Aquí parten precisamente as linguaxes construtivas que pertencen xa á memoria colectiva da cidade. Construcións sólidas e á vez lixeiras: granito, madeira e vidro. Xeometrías de grande claridade que opoñen barreiras ao vento e espazos abertos entre eles, para definir as distancias que o vento e a choiva poden percorrer. Barreiras pétreas e galerías acristaladas que se escalonan buscando insistentemente o sol e as vistas. A fachada marítima da cidade.

O edificio da Terraza construíuse para substituír ao anterior de madeira e cristal, que ocupaba o seu sitio ata 1919, e que fora proxectado polo arquitecto Antonio López Hernández. É a outra Terraza, a de Sada, trasladada por barco a través da ría e que constitúe un delicado exemplo de arquitectura Art Nouveau. De inspiración

naturalista, a súa esbelta estrutura metálica e a súa pel policroma fannos rememorar os emparrados das vides galegas. Despois de numerosos intentos, foi declarado ben de interese cultural (BIC) no 2020.

Curiosamente ambos edificios deben o seu nome a un pavillón preexistente, que ao ter unha terraza na súa parte superior accesible ao público, legou o seu nome tanto á posterior construción modernista levada a Sada como ao actual inmovible ecléctico, veciño do Quiosco Alfonso.

Volviendo á arquitectura que nos ocupa, e tras un primeiro proxecto do arquitecto Antonio de Mesa y Álvarez, chegou-se ao definitivo redactado por de Mesa e executado e transformado por Pedro Mariño. Aquel primeiro deseño, de gran beleza e lixeireza, foi rexeitado pola Comisión Municipal, que recomendou unha opción máis conservadora. Tal vez coñecían os problemas de conservación que tería unha construción de madeira vidro e metal, en “primeira liña” da Dársena.

E tal vez Mariño comprendía ben a importancia do sistema fronte á peza, cando decidiu reutilizar a coroación prevista para o pazo do Concello de María Pita, e convertela no actual edificio da Terraza. As regras eran parecidas, solidez fronte a ventos e salitre, e a máxima luz, lixeireza e vistas, alixerando a construción segundo se alonxa do chan. Neste caso, a cuberta de zinc sería substituída por terrazas. Variacións dentro dun medio moi coñecido, nunha sinxela adaptación ás condicións da Dársena. O edificio da Terraza ocupa con seguridade unha das súas franxas paralelas.

O programa urbanístico da cidade segue o seu curso, seguindo as súas regras. Cando o equipo de arquitectos de la Sota, Vázquez Molezún, e Tenreiro proxectaron ese conglomerado de caixas de vidro para os concursos do edificio para a Deputación en 1954 e para a Delegación de Facenda en 1956, pensan con seguridade nelas. Os volumes transparentes establecen distancias de diálogo cos espazos e equipamentos da Dársena e o Porto, ben asentados sobre zócolos macizos. O planeamento non é moi diferente ao da Terraza.

Os arquitectos Franco Taboada & Nouvel coñecían ben as regras do xogo cando crearon a interesante proposta para o concurso dos equipamentos culturais na Dársena, no ano 2001. Levantaron os usos principais sobre unha gran estrutura de aceiro, paralela a aquela liña construída no século XVI. O programa de usos deixaba de consumir espazo, levantado a gran altura sobre un baleiro enfrontado ao Porto.

Seguramente por isto gañaron o concurso de ideas, aínda que finalmente se construíse o Palexco, que, co seu volume excesivo, e invadindo a franxa que tradicionalmente ocupaban os usos portuarios, alteraba as regras.

Unha boa parte da nosa memoria colectiva reside neste xogo en movemento de relacións de cooperación e dependencia mutua, de espazo, tempo e uso, no que tan ben asentado se atopa o edificio da Terraza. Pasaron só 100 anos desde a súa construción, e xa non é posible entender a cidade sen el.

Los extranjeros

Reproducimos a continuación o traballo gañador da convocatoria do 2021 do Premio Pérez Lugín, un texto do fotoxornalista coruñés Javier Quintana que unía as figuras da actriz María Casares e do pioneiro do cine José Sellier

El cielo herculino permanecía indeciso aquella tarde de junio. Aun así, extensas llanuras de un azul esmaltado se percibían entre las nubes altas y colosales que tamizaban oportunamente la dureza del sol del verano.

“Lo que facilitaría el asunto”, pensó José Sellier mientras ajustaba el encuadre del cinematógrafo para que las líneas de la Calle Real confluyeran de tal modo que otorgasen más profundidad a la toma. Que el dichoso aparato de los Lumière careciese de visor añadía incertidumbre a la cuestión. En vistas a paliar errores de composición, Sellier ya había filmado algunos rollos en la playa del Orzán aprovechando una tarde de fuerte pleamar y vistoso oleaje y también se había acercado a capturar la animosa y colorida salida de los operarios en la fábrica de gas. Pero la prueba de fuego para un documentalista de su talla era esta y no otra.

Se secó el sudor de la frente con la manga de la camisa, desde lo alto del balcón repasó de nuevo con una fugaz ojeada el caprichoso cielo del norte y a continuación fijó de nuevo su mirada impaciente allá donde el bulevar confluía con la calle adyacente, Riego de Agua.

Eran las tres y veinte de la tarde y la muchedumbre que abarrotaba la céntrica avenida coruñesa sostenía, de manera insólita, un tenue silencio que discurría entre la curiosidad y el respeto.

Aprovechando la espera, Sellier, famoso “retratista” francés afincado en A Coruña desde hacía más de diez años, midió la luz y ajustó el cierre y la obturación a su Eastman Kodak, para captar también en un par de fotografías, el paso de la comitiva. Colocar las imágenes en revistas como “La ilustración española y americana” o “Nuevo Mundo” no resultaría complicado. Un buen modo de sacarse algunos reales y de encajar también alguna que otra palmadita en la espalda. Que afianzase el ego.

Sacarle jugo a la filmación sería ya harina de otro costal, dado que podía salir rana por variados percances técnicos. Y a todo esto, habría que añadir las dificultades que siempre mostraban las administraciones a la hora de permitir la proyección de las imágenes en espacios públicos. Sin duda, aquello se debía a la entusiasta afición que poseían los químicos del celuloide de la época a la hora de provocar ostentosos incendios en plena función, lo que siempre conllevaba altercados e histerias varias.



María Casares no asistió al sepelio de su amante, de su amigo, de su compañero y confesor. María Casares no acudió a la última cita con el amor de su vida. Y lo hizo con la misma determinación con la que jamás regresó del exilio a su tierra natal.

“Así que la cosa irá de amor al arte y desdén a la peseta”, meditó el fotógrafo mientras chasqueaba la lengua. Y justo en ese instante, el féretro del Teniente general Sánchez Brégua comenzó a vislumbrarse entre la multitud, llevado a hombros, y precedido por una comitiva un tanto dispar: mendigos con velas, religiosos con estandartes, autoridades en uniforme militar o en traje de luto, familiares y amigos, y sobre todo curiosos. Muchos.

Demasiados. Incomodaban una toma limpia y la fuga del plano. El retratista se inquietó por un instante para luego centrarse en lo suyo de nuevo, girar la manivela dos veces de cada vez, de manera precisa, rítmica, acompañada. A dieciséis imágenes por segundo. Un lapso de tiempo que otorgaba la magia del movimiento, que burlaba a la persistencia retiniana, jugando con ella y trasladando al espectador una singular sensación de aceleración en el desplazamiento. Y todo en un minuto de filmación. La película no permitía muchos más lujos. Un acto primitivo e iniciático.

Sellier, ajeno a la trascendencia de lo que acababa de acometer, disparó un par de fotografías al paso del difunto, el único registro gráfico que perdura a día de hoy, y sonrió satisfecho mientras el ataúd se alejaba, como una botella flotando conducida como por la corriente de un río, hacia la Plaza de Ourense.

Aquel silencio casi extravagante que había reinado durante un par de horas, fue dando lugar al tímido murmullo, más tarde a la charla animada para finalizar en la habitual algarabía tumultuosa que reinaba en el lugar una tarde de verano. Regresaron las conversaciones y

las carcajadas al “Gran Café Méndez Núñez”, situado justo enfrente al balcón donde Sellier recogía los bártulos con la delicadeza y meticulosidad que requiere el manejo de un material de vanguardia. Y mientras lo hacía, las cupletistas, cubierto el trámite y ya metidas en faena, regresaron al escenario para diluir entre melodías el hueco obsceno que la muerte siempre deja a su paso.

El mismo hueco que dejó esa filmación que se perdió en el fluir de los años para no aparecer nunca, y con la cual, Jose Sellier, fotógrafo y camarógrafo galo afincado en A Coruña, transformó la sentida muerte de un general en un apoteósico nacimiento, el del cine en España.

Todo ello sucedió varios meses antes de la célebre película rodada por Jimeno Correas: “Salida de misa de las doce del Pilar de Zaragoza” la cual, también es cierto, aún se conserva, lo que llevó y lleva a muchos historiadores a considerarla como la primera filmación realizada en territorio español.

Sin embargo, las proyecciones públicas de sus numerosos rodajes en el estudio fotográfico de San Andrés, tan perfectamente documentadas a lo largo del otoño de 1897, lo sitúan, a todas luces, como el auténtico pionero del séptimo arte en España.

El Neil Armstrong del cine en este país.

Su gran paso consistió en inaugurar una nueva disciplina artística en la península, su pequeño paso resultó ser los quince metros de película en soporte de nitrocelulosa extraviados, que Sellier, en su laboratorio, reveló aque-

lla misma noche rodeado de la obligada oscuridad de la fotoquímica.

Al tiempo que el cineasta daba vida a su obra, en el cementerio de Santa María de Oleiros, el ataúd del difunto Teniente general Sanchez Brégua se depositaba en su nicho, en medio de un espeso silencio y, por supuesto, de la también obligada oscuridad de la nada.

Así que un puñado de tierra cayó sobre el féretro repiqueteando en la madera barnizada.

Con la tristeza de una lluvia de otoño.

Pero fue el lamento de Francine Camus el que quebró la quietud del sobrio dolor contenido.

“¿Y María Casares?, ¿está sola la pobre?”, interrogó con violenta sinceridad la viuda del escritor.

No recibió respuesta ni de sus familiares ni de los jugadores del equipo de fútbol de Lourmarin, que habían transportado el ataúd de Albert Camus hasta el cementerio.

Todo resultaba ya demasiado incómodo para aún encima adentrarse en los turbios parajes de un siempre destructivo triángulo amoroso.

De algún modo y por momentos, la ausencia en aquel entierro de la celebérrima actriz, se hacía más patente que su propia presencia.

Porque María Casares no asistió al sepelio de su amante, de su amigo, de su compañero y confesor.

María Casares no acudió a la última cita con el amor de su vida.

Y lo hizo con la misma determinación con la que jamás regresó del exilio a su tierra natal.

Porque María Casares pensaba que ese camino siempre sería un viaje sin retorno.

Como el de la vida.

La diva del cine y teatro María Casares nació en A Coruña, el mismo día y en el mismo lugar en el que fallecía el padre del cine peninsular, José Sellier Loup, el 21 de noviembre de 1922.

A escasos y contados metros el uno del otro. Los vasos comunicantes del destino.

La infancia de la niña María transcurrió entre su casa de la céntrica calle Panaderas, y la bucólica finca “Villa Galicia”, en Montrove, muy próxima a su amada playa de Bastiagueiro.

Todo marchó con relativa serenidad en los primeros años de su vida, hasta que su padre, Santiago Casares Quiroga, fue nombrado Ministro de Marina en el gobierno provisional de la Segunda República.

Empujado por sus obligaciones políticas, se traslada junto a toda su familia a Madrid, lo que supuso un duro golpe para María, como más tarde reconocería en sus memorias “Residente privilegiada”. Aquello que repercutió hondamente en su carácter, sin duda, añadió a su enigmática e intensa mirada de actriz, un inconfundible y personal matiz melancólico que habitaba entre la “saudade” y la “morriña”

Cinco años después, y ostentando su padre el cargo de Presidente del Consejo de Ministros, se desencadena el levantamiento militar del 36, y tras unos meses de guerra sin cuartel, cuando las cosas comienzan a torcerse sin remedio para el gobierno republicano, decide que tanto Gloria, la esposa de Santiago, como su hija, María Casares, se exilien a París.

La muchacha aterriza en la capital francesa siendo aún adolescente. Ignora el idioma y las costumbres, pero tan sólo unos pocos años después, puliendo su penetrante acento gallego, del que jamás se desprendió y que lució con orgullo cuando aparcaba el francés, logra ingresar en el Conservatorio Nacional de Francia. Exhibiendo una impresionante veintena, se convierte en la alumna preferida de la famosa actriz del Teatro Francés Béatrix Dussane, al tiempo que se hace acreedora de multitud de premios dramáticos.

En 1942, el director teatral Marcel Herrand, cautivado por el talento de la bellísima actriz coruñesa, comienza a otorgarle los papeles principales en algunas de sus obras, hasta que un par de años después se lanza a montar “El malentendido”, obra del portentoso escritor Albert Camus, contando para ello en el papel protagonista con María Casares.

Aquello provoca que dos genios incommensurables se hallen al fin. Como si todo hubiese estado escrito de antemano en alguna parte. Como un suceso irremediable y paradójico, que contradecía a todas luces el libre albedrío desnaturalizador que promulgaba Camus en sus obras. Actriz y escritor colisionan como dos galaxias en plena expansión. Y el mismo día que los ejércitos aliados desembarcan en las playas de Normandía para liberar Europa, ellos se hacen amantes.

Se hacen eternos.

Y entonces María Casares trasciende más allá de sus películas y hace que su vida sea cine. Y la pasión los consume a ambos, y se aman, y se abandonan, y se hacen daño y se dejan para siempre para regresan años después. Inevitablemente.

La presencia de la actriz, jamás eclipsada por una figura tan colosal como Camus, brilla como la estrella que es en los cines y teatros de toda Francia y Europa, y se codea incluso con Marlene Dietrich, a la que levanta algún que otro papel.

Sin embargo, hija de perdedores en España, su figura allí queda enterrada y ensombrecida por la mezquindad de los ganadores. Y su nombre, marcado por un

Y es que María Casares, además de bien, lo hizo todo en su vida

apellido maldito, y sus obras, quedan acalladas por la voluntad irracional de aquellos que trataban de imponer una rancia autarquía cultural.

Como hundir un corcho en el mar. Inútil. Su vida y su obra perduran como talladas en bronce. Su legado, torpemente trasapelado por algunos, resplandece en la memoria colectiva.

Y es que María Casares, además de bien, lo hizo todo en su vida.

Salvo acudir a aquel entierro, al de su gran amor, y regresar a su tierra natal, su otro gran amor.

Porque su alma, compleja y sensible, en ocasiones se deja entrever tras las costuras de sus actos.

Días después de su muerte, en noviembre de 1996, en el dormitorio de su hermosa casa de Alloue, en la campaña francesa, se halló un pequeño recipiente con arena de la playa de Bastiagueiro.

María, en secreto y en aquel cuenco, conservó para siempre la felicidad de su infancia.

A APC dedica o Pérez Lugín á Terraza e ao seu vínculo co xornalismo coruñés

O Premio Alejandro Pérez Lugín terá este ano como lema “Desde a Terraza do xornalismo coruñés” e estará dedicado ao edificio da Terraza, que cumpre 100 anos neste 2022, debido á súa particular vinculación co xornalismo, debido a que desde fai case corenta anos é a delegación de Televisión Española na Coruña e, desde moito antes, a sede de Radio Nacional de España en Galicia.

A Asociación da Prensa da Coruña quixo unir, como adoita ser habitual neste premio, a tradición dun inmoible histórico co xornalismo que se exerce no interior, querendo na que é xa a 82 edición do Pérez Lugín poñer o foco de maneira especial sobre a radio e a televisión. Ademais de acoller desde hai décadas a quen fai as noticias, o propio edificio tamén está de actualidade, tras o anuncio do Concello da Coruña de que o palacete sería a súa proposta como sede no caso de que a cidade sexa elixida para acoller a Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial, o que daría unha vida nova a un inmoible histórico e de referencia no imaxinario coruñés.

Poderán participar no certame cantas persoas así o desexen, coa condición de que cada concursante só poderá presentar un traballo encadrado en calquera xénero xornalístico. Os traballos han ser inéditos e poderán ser escritos indistintamente en galego ou en castelán. Terán unha extensión máxima de tres folios ou 5.100 caracteres.

O prazo de presentación de orixinais finaliza o próximo día 9 de decembro e o fallo do xurado cualificador, composto pola actual directiva da Asociación da Prensa, un representante do Concello, e o director

de TVE en Galicia, Ramón Valles, darase a coñecer a mediados de decembro. Nesta ocasión e debido a que os gañadores de 2019, Rodri Suárez, e 2020, Suso Martínez, pola pandemia, non puideron participar na reunión de maneira presencial co resto do xurado, convidaráselles tamén a estar presentes, do mesmo xeito que, como vén sendo tradición, tamén estará o último galardoado, que en 2021 foi o fotoperiodista Javier Quintana.

As obras, inéditas, enviaranse en papel por correo certificado e en soporte informático (formato Word ou PDF), á Asociación da Prensa da Coruña, en sobre pechado e á dirección C/ Durán Loriga, 10-4. 15003, A Coruña. O sobre levará un pseudónimo e un lema e a indicación “Premio Pérez Lugín”.

Igualmente, dentro incorporárase outro sobre máis pequeno, co lema e o pseudónimo no exterior. Dentro deste incluíranse os datos do autor (nome e apelidos, dirección, teléfono de contacto) e un breve currículo. Tamén se poderán enviar os traballos a través dun correo electrónico creado co pseudónimo baixo o que se presenta o autor e co mesmo lema no asunto. De ningún xeito poderá identificarse á persoa que se presenta a través do correo electrónico ou o traballo quedará automaticamente eliminado.

O envío do correo electrónico non exime do envío do sobre co traballo en papel e, no interior, o sobre pechado cos datos persoais, que debe ser enviado de forma física á dirección postal da asociación.

Historial do Pérez Lugín

Este ano o Premio Pérez Lugín alcanza a súa edición número 82. En 1936, a viúva do xenial escritor da Casa da Troya creou unha fundación co nome do seu marido, dotándoa dun capital, depositado no Banco Pastor, con cuxos intereses debería concederse o premio, segundo rezaba textualmente “ao mellor traballo literario que se presente sobre un tema de Galicia enalzando a mesma”. Pero non foi ata 1941 cando se creou o premio. Naquel ano o gañador, o primeiro da historia, foi Eduardo Pérez Hervada. Desde entón obtivérono destacados xornalistas e escritores. A listaxe inclúe a Ezequiel Pérez Montes (1963), Emilio Quesada (1964) ou Ángel Padín (1999).

Nos últimos anos, os gañadores foron Jorge Pan Varea (en 2018, aínda que tamén o gañaba en 2015), Rodri Suárez (2019), Suso Martínez (2020) e Javier Quintana (en 2021, aínda que tamén o gañou en 2009). A primeira muller galardoada co Pérez Lugín foi Mercedes Modroño (1989), á que sucederon Cristina Amenedo (1995), Lola Roel (1996) e María del Rosario Martínez Martínez (2007).

Edificio da Terraza, nos xardíns de Méndez Núñez

Ao longo dos anos, o palacete foi salón de baile, sala de concertos, cine e albergou as oficinas da Metro Goldwyn-Mayer e do Real Club Deportivo da Coruña



RAMÓN VALLES: “DEBEMOS POÑER EN VALOR A TERRAZA”

Miguel Gómez Longo

Co gallo do centenario da Terraza, tivemos a oportunidade de repasar xunto a Ramón Valles, o novo director do Centro Territorial de Radiotelevisión Española en Galicia, a andaina do ente público neste singular edificio coruñés

Ramón Valles, na delegación da Televisión Española na Coruña

A Terraza é unha das sedes máis antigas que ten RTVE en uso

Televisión Española cumpriu 50 anos en Galicia. Que valoración fai vostede?

Cinquenta anos non os cumpre calquera, son moitos anos. É medio século de proximidade, que ao final é o que buscamos: que o cidadán teña unha información próxima, que a sinta preto, nunha comunidade histórica como Galicia.

Que cambios se produciron ao longo do seu medio século de vida?

En todo este tempo mudaron moitas cousas, para ben e para mal. No seu momento, en épocas de “vacas gordas”, Galicia facía moitos contidos de produción propia, había máis financiamento e iso notábase. Daquela tampouco existían as autonómicas e fomos os pioneiros en contar a actualidade no noso idioma. Coa chegada de novas canles autonómicas a situación equilibrouse algo máis. Con todo, a día de hoxe, seguimos loitando por ser un referente e, para mostra, o Telexornal das dúas da tarde, que continúa a ter unha gran audiencia.

Que supuxo ser os primeiros en facer un telexornal na lingua do país?

O Telexornal sempre foi un sinal de identidade e confiamos en que o siga sendo durante moitos anos. En definitiva, oxalá duremos outros cincuenta anos, recuperando produción e aportando moito máis aos informativos nacionais, que é o noso gran obxectivo. Desde Galicia seguimos a traballar para introducir o acento galego nos telexornais nacionais.

Fala da importancia da información de proximidade. Que papel cumpre A Terraza dentro do esquema organizativo da corporación de Radiotelevisión Española?

Para falar do seu papel debemos remontarnos ao ano 85. Francisco Vázquez, histórico alcalde da cidade, asinou un convenio con José María Calviño, pai

da actual ministra de Asuntos Económicos que, daquela, era director de Televisión Española. Mediante o mesmo cedíase o edificio por un período de duración de medio século. Para que a concesión, que expira en 2035, se fixera efectiva, Vázquez puxo unha condición: que a cabeceira de Radio Nacional de España en Galicia estivera na Coruña e que, á par, houbera unha delegación de Televisión Española no edificio, que nese intre se atopaba na zona de Catro Camiños.

O centro territorial de Televisión Española está en Santiago, a cabeceira territorial de Radio Nacional de España na Coruña. Isto xera algunhas complicacións organizativas, sobre todo agora que apostamos por unha sinerxía polos contidos transmedia.

Que importancia ten que exista unha delegación de Radiotelevisión Española na Coruña?

A día de hoxe, tentamos que o fluxo de información entre radio e televisión sexa máis áxil. O feito de ter separadas as cabeceiras, en ocasións, dificulta o traballo, pero tamén lle dá unha importancia á cidade que, se non, non tería. Fálase do “madridcentrismo” pero no ámbito galego cáese no “compostelanocentrismo”.

En xullo emitíuse un Telexornal dende o palacete da Terraza, aproveitando o centenario do edificio. Teñen pensado continuar con este tipo de iniciativas para reafirmar o seu compromiso de proximidade coa cidade?

Por suposto, pois estas iniciativas axudan a apostar pola proximidade, pero tamén a que a xente identifique A Terraza como sede de Radiotelevisión Española. Curiosamente, unha das cousas que se fixo nese programa foi botarnos á rúa e preguntarlle á xente que paseaba por Méndez Núñez se sabía que era ese edificio e que instalacións albergaba na actualidade. Moitos dos entrevistados non o sabían.

Algúns recoñecían que se tiñan fixado na antena que ten pero non sabían para que se empregaba. Debemos poñer en valor A Terraza. É unha das sedes máis antigas que Radiotelevisión Española ten en uso. E iso é un luxo.

Que supón traballar nun edificio histórico como A Terraza?

En primeiro lugar, non todo o mundo pode presumir de traballar nun edificio que ten cen anos. O mellor é entrar e respirar as historias dun edificio histórico e centenario. Sen dúbida, hai que poñelo en valor. Antes que nós estivo o Deportivo, a Metro Goldwyn Mayer e até houbo unha sede de Radio Nacional durante a Guerra Civil. Practicamente, todo o que nos poidamos imaxinar estivo aí. Repito, é un luxo.

Por que se escolleu este edificio ubicado en Méndez Núñez como delegación?

Porque este edificio histórico e centenario localízase moi preto das principais fontes de información. Temos o Concello a un paso, a Delegación do Goberno a outro, a Xefatura da Policía Nacional ás costas, o Mercado da Praza de Lugo se un día toca falar da suba de prezos, a rúa Real a tiro de pedra... Non se pode pedir máis.

E ten algunha contrapartida esta localización?

Efectivamente, por desgraza, non todo é bo. Ao ser un edificio centenario cada vez que hai que actualizalo aos novos tempos a cousa complicase, polo que xa non é tan funcional. Nun tempo no que estamos tentando que as sinerxías entre a radio e a televisión sexan máis áxiles non nos permite unificar redaccións porque non hai suficiente espazo. Cada vez que hai un novo avance tecnolóxico, acondicionar a instalación tórnase moito máis complexo.

“Buscamos que o cidadán sinta a información próxima”

Entón, como se confrontan aos novos hábitos de consumo, como poden ser as plataformas de streaming, dende edificios como A Terraza?

É un reto que temos por diante na corporación, o de levar a cabo un cambio de mentalidade, o non centrarnos tanto nas emisións lineais e apostar polas non lineais. Evidentemente, estamos a perder a franxa de idade xuvenil. Este público non agarda ao Telexornal das dúas da tarde para informarse das novas. A día de hoxe, todo o mundo as coñece moito antes. Ese futuro e A Terraza deben ser compatibles, pero non vai ser fácil adecualos.

Pódese dicir que o futuro da profesión pasa, así, pola sinerxía entre radio e televisión e o xornalismo local?

Indubidablemente. E insisto, tamén pasa por un cambio de mentalidade en todos os estamentos da empresa, onde todo o mundo sexa consciente de que, a día de hoxe, se debe ser un xornalista multimedia. Iso esixe moitos esforzos pero, se cadra, terían que destinarse menos recursos ás emisións tradicionais e máis ás redes, á información multimedia e ao local. Recoñezo que neste aspecto aínda temos moito camiño por andar. Imos tarde e podería atoparnos o futuro como non piseamos o acelerador.

Que medidas se poderían tomar ao respecto?

Para iso, sen dúbida, teñen que ir entrando á corporación novas xeracións que teñen moito máis asumido este camiño. Notamos que a xente nova que se incorpora manexa as redes con moita facilidade e comparte as novas a través delas. De feito, estamos a pelexar por ter un *community manager* en cada centro territorial, que se encargue de ir lanzando *inputs* continuamente para que a xente se vaia enganchoando.

Ten unha dilatada traxectoria dentro da corporación de Radiotelevisión Española. Que supón para vostede ostentar o cargo de director do centro territorial de Galicia?

Un reto ilusionante. Sempre me considerei un home de empresa. Cando me pediron dar un paso adiante dino, por responsabilidade e porque me gusta o que fago. É verdade que agora as tarefas que desempeño son diferentes, máis administrativas e de representación institucional e non están tan vencelladas ao xornalismo, que é o que de verdade me gusta. Enténdoo agora son a cara visible de Radiotelevisión en Galicia e teño que pelexar porque o noso centro territorial teña máis presenza en Madrid e porque as nosas emisións de radio e televisión teñan a maior calidade posible.

Ao seu xuízo, que cre que é imprescindible para ofrecer aos cidadáns un servizo público de calidade?

Se algo non pode faltar é o compromiso, que repetimos como un mantra os que de verdade cremos en Radiotelevisión Española como servizo público, de independencia, pluralidade e rigor. Agora que estamos nunha época convulsa pola dimisión do presidente da corporación, o que lle pido a xente é que traballe con honestidade. Algúns pensabamos que por fin chegara unha etapa de estabilidade, pero nada máis lonxe da realidade. Isto débese a que o proceso de elección do presidente naceu mal enfocado ao non ser elixido por un concurso público de méritos, senón por un consenso político. En canto ese consenso deixou de existir, alá se foi a presidencia.

Cal é o camiño a seguir para acadar esa independencia, pluralidade e rigor do que fala?

Fainos falta estabilidade, unha cúpula directiva representada nun Consello de

Administración no que non só estean os partidos políticos, tamén todos os estamentos da sociedade. O modelo da corporación debe asemellarse ao da televisión pública alemá, onde no Consello de Administración hai sesenta voces e onde os partidos apenas teñen poder porque, ao seu carón, hai representantes de toda a cidadanía, desde o ámbito universitario até o sindical ou relixioso. Con tanta ida e volta, é complicado que a cidadanía confíe na corporación como un servizo público neutral e rigoroso. Ao final, damos a imaxe de ser o xoguete do partido político de turno que estea no goberno e iso prexudícanos moitísimo porque, ao final, perdes público. Sen público non existe o servizo público. Temos profesionais moi preparados e moi independentes e é unha mágoa que os políticos non o queiran fomentar.



A Terraza acolle a cabeceira territorial de RNE e a delegación de TVE

No ano 1985, Francisco Vázquez asinou un convenio con José María Calviño, nesa altura director de TVE, para a cesión do edificio durante medio século a condición de que se mantivera na Coruña a cabeceira de Radio Nacional de España

Os miróns da Terraza

Rodri García

Este artigo foi publicado no diario *La Voz de Galicia* o 12 de agosto do ano 2018

Entre os centos de contos de Emilia Pardo Bazán está o titulado “Los adorantes”. Protagonizano as dúas esculturas de pedra colgadas a ambos lados da porta de entrada á igrexa de Santiago, na Cidade Vella da A Coruña. A escritora vía a fachada do templo desde a ventá traseira da súa casa. O conto acaba así: “Cuando le enseñé a un arquitecto famoso los adorantes un día en que los alelés de las grietas florecían y las golondrinas se posaban sobre los curiosos apóstoles de la arquivolta, el sabio objetó:

— Esas figuras no tienen razón de ser. Ni dan solidez al edificio, ni se explican ahí colgadas. ¿Qué hacen, me quiere usted decir?

Creo que respondí:

— Adorar...”

Os argumentos do arquitecto citado por Pardo Bazán poderían trasladarse aos oito bustos que coroan A Terraza: nin dan solidez ao edificio, nin se ven con nitidez desde abaixo, nin... Pero aí levan desde 1985. Que fan? Evocando á escritora, a resposta sería: Mirar... Aínda que non os

citán, a súa orixe está nunha placa situada ao lado da escaleira de entrada: “Edificio La Terraza. Construcción 1919. Alcalde D. Gerardo Abad Conde. Arquitecto D. Antonio de Mesa. Restauración 1985. Alcalde D. Francisco Vázquez Vázquez. Arquitecto D. Antonio Desmonts Basilio”. [Antonio de Mesa elaborou un primer proxecto que sería modificado por Pedro Mariño cando se fixo cargo das obras].

En 1985 concluíu a restauración do inmoble que incluíu os oito bustos de personaxes ilustres. Son obra da escultora Docha L. Rioboo (A Coruña, 1946), que en 2015 foi finalista do Premio Reina Sofía e recibiu, entre outros recoñecementos, a primeira medalla do Salón de Outono da Asociación Nacional de Pintores e Escultores. Con 16 anos, esta artista empezou a formarse no estudo de Federico Coullaut-Valera, autor da escultura de Pardo Bazán instalada nos xardíns de Méndez Núñez. O marido de Docha, o escultor Manuel Ferreiro Badía (A Coruña, 1944) é o autor da copia en bronce de Coullaut-Valera que ocupou o sitio da orixinal durante tres lustros. Hai un ano, cando a escultura orixinal volveu aos xardíns e a copia estivo un tempo diante do Kiosco

Vista da Terraza desde Méndez Núñez

Os oito bustos de personaxes ilustres datan o ano 1985, cando concluíu a restauración do inmoble, e son obra da escultora Docha L. Rioboo, finalista no ano 2015 do Premio Reina Sofía



Os bustos de Wenceslao Fernández Flórez, Manuel Murguía, Pérez Lugín e Julio Camba

Emilia Pardo Bazán, a única muller do grupo, mira cara os xardíns xunto a Vilar Ponte, Salvador de Madariaga e Juan Fernández Latorre, mentres que Wenceslao Fernández Flórez, Murguía, Pérez Lugín e Julio Camba miran cara o Kiosco Alfonso

Alfonso con motivo da exposición *Emilia Pardo Bazán. El reto de la modernidad*, a escritora estaba por triplicado xa que ás dúas figuras mencionadas había que lles sumar o busto da Terraza. Xunto a ela, a única muller do grupo, miran cara os xardíns Antón Vilar Ponte, Salvador de Madariaga e Juan Fernández Latorre, fundador de La Voz de Galicia. Este último tamén ten outra escultura nos xardíns e está de actualidade por cumprir 140 anos o diario que fundou.

Periodismo e literatura

Mirando cara o Kiosco Alfonso desde o alto do edificio da Terraza están Wenceslao Fernández Flórez [«Ese si que se recoñece ben... polo nariz», bromeaba Ferreiro Badía], Manuel Murguía, Alejandro Pérez Lugín e Julio Camba. O periodismo e a literatura son os nexos de unión destas oito figuras, a maioría delas coruñesas ou que viviron na cidade. Con certa maldade enténdese que Murguía e Emilia Pardo Bazán non estean no mesmo lado ou que Julio Camba mire cara onde no seu día estivo o Hotel Atlantic dada a súa ben sabida que- renza polos hoteis. Pérez Lugín mira de esguello cara a entrada da rúa Real, evo-

cando a Gerardo Roquer, o protagonista de *La Casa de la Troya*. “Faltaban poucos anos para que se erguera o famoso Obelisco con catro esferas que marcaban as horas local e a de Madrid, diferentes no tempo de Lugín, e moi preto de onde hoxe se atopa, na Rúa Nova, o estudante colleu a carrilana tirada por seis cabalos que o levaría á Rúa Nova de Santiago, logo dunha viaxe de sete horas”. Así o contou Suso Martínez, guía turístico e actor, no texto *Aqueles homes bigotudos do século XIX* co que gañou o LXXX Premio Pérez Lugín que convoca a Asociación da Prensa da Coruña.

Ao carón de Pérez Lugín, Murguía terá que mirar máis lonxe, cara a Cidade Vella, para intuír a casa que compartiu con Rosalía de Castro. Máis fácil o ten Salvador de Madariaga que, tamén de esguello, mira cara ese mar que o viu nacer; sobre este “destacado intelectual, liberal, enxeñeiro, periodista, escritor, poeta, diplomático, europeísta, humanista e políglota de vasta cultura”, escribía en *La Voz de Galicia* Jorge Quindimil; recordaba como “loitou por crear un goberno mundial, no que España debía xogar un rol decisivo no centro das relacións internacionais. Pero España non estivo á altura de Madari-

ga”. E concluíu: “Regresaría a España tras o fin da ditadura, para ingresar na Real Academia Española que o elixira corenta anos antes. Foi o último gran honor dun galego universal cuxa última vontade foi que a súas cinzas repousaran no mar da súa Coruña natal”.

Os bustos baixan a rúa

En 2010 estes oito bustos baixaron á rúa e puideron ser vistos de preto grazas a unha intervención artística que forma-

Restitución 2. Para iso, distribuíu os bustos no entorno da Terraza cunha segunda finalidade, xa que Julio Camba e Antón Vilar Ponte ocuparon un sitio destacado diante da fachada.

A razón para dar prioridade a estas dúas figuras era reivindicar que cada unha delas dera nome a unha rúa da cidade. Seis anos máis tarde, o 14 de abril de 2016, Vilar Ponte estreaba a súa, substituíndo á División Azul. Por agora, Julio Camba non entrou no rueiro, aínda que quizais

No ano 2010, os oito bustos baixaron á rúa no marco do programa Outonarte

ba parte do programa da Concillería de Cultura, entón ocupada por María Xosé Bravo, chamada Outonarte. O artista Martín Pena (A Coruña, 1974) promoveu o achegamento das esculturas ao público nunha intervención que chamou

tampouco quixera se é certa a anécdota segundo a cal cando unha comisión municipal foi comunicarlle, con certa solemnidade, que o concello de Madrid decidira poñerlle unha rúa el exclamou: “Unha rúa? Pero se eu o que necesito é un piso!”.

